

14.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28 DE MARZO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretaria Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventora:

D^a. MARTA OVIEDO CREO.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 13/2016 DE 21 DE MARZO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 13/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local de data 21 de marzo de 2016 e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

2.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración da Festa de Pascua, o día 2 de abril de 2016, en Cercio – Lalín.

3.- FACTURAS E CONTAS.

3.1.- Acordouse **aprobar e declarar o abono das facturas** da relación nº 00040 por un importe de **23.201,94 €** e a relación nº 00041 por un importe de **46.272,01 €**.

4.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

4.1.- Acordouse **aprobar a conta xustificativa da subvención** concedida pola Axencia Turismo de Galicia para a celebración da XXIIª Gala de Gastronomía de Galicia e Premios de Xornalismo Gastronómico Álvaro Cunqueiro V, por importe total de 24.886,03 €.

4.2.- Acordouse aprobar a participación do Concello de Lalín no **Proxecto MPT – Música para Todos**.

4.3.- Acordouse **solicitar unha subvención segundo o disposto na RESOLUCIÓN do 19 de febreiro de 2016**, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a concellos para o apoio aos investimentos para uso público en infraestrutura recreativa, información turística e infraestrutura turística a pequena escala, mediante o fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020, e anúnciase a convocatoria para o ano 2016, para o desenvolvemento do proxecto denominado **“Actuacións de mellora en accesibilidade e sinalización no entorno do Pazo de Liñares (BIC)”** por importe de 50.000 euros.

4.4.- Declarouse **xustificada a finalidade da subvención concedida** ao Concello de Lalín ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento; e **aprobose a conta xustificativa de dita subvención**.

4.5.- Acordouse **solicitar á Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, da Consellería de Medio Rural a preservación do entorno**, das parcelas 372 e 545 do Polígono 161, polo seu alto valor ecolóxico, como zona de masa común a efectos de poder destinala nun futuro como zona de equipamentos ambientais para aproveitamento social, para que se teña en conta a hora de redactar o futuro Acordo de Concentración Parcelaria da Zona de Val-Bermés e Sello, do Concello de Lalín.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓN.

5.1.- Acordouse **autorizar o acceso ó arquivo municipal** para a consulta das actas dos Plenos da Corporación Municipal e actas das Comisións de Goberno ou Comisión Permanente dende o 1 de xaneiro de 1931 ao 1 de xaneiro de 1937.

5.2.- Acordouse **conceder autorización municipal** para utilizar o Albergue Xuvenil Vicente Agulló durante a semana do 9 ao 13 de maio de 2016 (4 noites) e realizar no mesmo un programa de actividades de aventura e de natureza nas que visitaran e traballaran na Zona de Zobra, Monte do Candán, Zona de Silleda, río Ulla e casco urbano de Lalín.

5.3.- Acordouse **conceder autorización municipal** para o uso da Praza da Igrexa o sábado día 2 de abril de 2016, dende as 12:00 horas ata as 13:30 horas para levar a cabo a proposta “*Compromiso resposta*”.
